



ACTA XUNTA DIRECTIVA

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnense o **Sábado día 6 de Novembro de 2021** vía telemática para trataren a seguinte

D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. Javier Méndez Alonso

Pte. Comité Salmónidos

D. Gabriel Fernández Vázquez

Delegado Ourense

Delegado Pontevedra

D. Ramón Souto Pérez

Tesoureiro

Subdelegado A Coruña

Pte. Comité Mar Rocha e Embarcación fondeada

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

ORDE DO DÍA

1. Informe do Presidente.
2. Orzamentos 2022.
3. Calendario 2022.
4. Competición Lago.
5. Spinning 2021.
6. Propostas Fondeo.
7. Protocolo COVID.
8. Rogos e preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 10:11 horas do día sinalado no encabezamento.

1.- Informe do Presidente.

O Presidente informa sobre as últimas novidades acontecidas na pesca.

Comenta que a FEPYC realizou recentemente unha reunión de Presidentes Territoriais onde non convocaron a Galicia nin Andalucía por non ter pagada esa suposta cota extraordinaria. A FEPYC, polo que nos filtraron, tampouco vai acceder á concesión de organización das Competicións Nacionais solicitadas pola FGPeC (Mar Costa Damas, Mar Costa Veteranos, Mar Roca, Salmónidos Lance Dúos e Salmónidos Mosca Xuventude). Neste senso acórdase que unha vez aprobado o calendario da FEPYC se iniciará o procedemento correspondente.

2.- Orzamentos 2022.

O Presidente presenta os Orzamentos para o vindeiro 2022. Apróbanse pola Xunta Directiva.

3.- Calendario 2022.

O Presidente presenta a proposta de calendario para o vindeiro 2022. Aprobado en Xunta Directiva.

Estas datas sufrirán un lixeiro adianto respecto a anos anteriores por ser o 2022 ano electoral e pola realización da Gala do deporte da pesca en Galicia.

O calendario provisional de competicións da FGPeC será remitido a tódolos clubs para a súa valoración en Asemblea.

4.- Competición Lago.

Para ser máis xustos cos deportistas que se desprazan aos escenarios a adestrar nos días previos a competición, nas competicións de Lago, a xunta directiva propón por soamente un día de adestramento e facelo no mesmo treito da competición. A proposta queda aprobada por unanimidade.



5.- Spinning 2021.

O Presidente informa que tralas irregularidades acontecidas no campionato nacional de spinning 2021 disputado en Ceuta na que o deportista con licencia federativa Galega Oscar Oliver Lopez Regueira participou, de motus propio, e sen cumprir cos requisitos requiridos, en representación de Ceuta, a FGPeC solicitou á FEPYC a iniciación de expediente disciplinario contra dito deportista. Tras debate, a Xunta Directiva aproba por unanimidade que o deportista Oscar Oliver Lopez Regueira non volva a ser convocado para representar a Galicia en vindeiras competicións nacionais nin forme parte da selección galega da especialidade.

6.- Propostas Fondo.

O Presidente informa sobre varias propostas que os deportistas dun club lle remitiron para as competicións de fondo. Tras debate por parte da xunta directiva, acordase por unanimidade que os xurelos non puntúen nas competicións de Fondo.

7.- Protocolo COVID.

A Xunta directiva acorda por unanimidade NON modificar o actual protocolo establecido para as vindeiras competicións 2022.

8.- Rogos e preguntas.

Debátese outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a xuntanza ás 11:25h.
Eu coma Secretario dou Fe.

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

Vº e Prace:
Manuel Mouzo Méndez
Presidente